

INSCRIPCIÓN AULA CONCILIA

CURSO 2024 - 2025

O Concello de San Cibrao das Viñas ten previsto continuar coa Aula Concilia para o curso 2024/25, co fin de seguir a ofrecer un maior Programa de Conciliación no Concello, de luns a venres en horario de tarde de 15:00 a 20:00 horas, e o servizo Amplía Concilia para aqueles días que os nenos e nenas do Concello non teñan escola e os seus proxenitores teñan que traballar, (excluídos festivos, sábados e domingos).

Poderán acceder a el aquelas familias que, teñan fillos en idade escolar, entre 3 e 12 anos, que necesiten compatibilizar os seus horarios laborais e familiares.

As solicitudes poderanse presentar na oficina de rexistro do concello ou a través da sede electrónica do Concello, dende o 12 de agosto ata o 23 de agosto.

Requisitos imprescindibles:

- ✓ Que os proxenitores se atopen en situación laboral de incompatibilidade horaria para o coidado dos seus fillos.
- ✓ Que un dos proxenitores ou o neno se atopen empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas.

Documentación a entregar:

- 1) Solicitud cuberta e asinada. Deberá presentarse unha solicitude por cada neno, o resto da documentación común non necesita ir por duplicado.
- 2) Copia do DNI do/a pai/nai solicitante.
- 3) Copia da tarxeta sanitaria de cada neno.
- 4) Certificados da empresa, dos dous proxenitores, nos que figure o horario laboral.
- 5) Declaración IRPF do ano 2023, de ambos proxenitores, ou certificado de non tela presentada (negativo de facenda).
- 6) Vida laboral de ambos proxenitores, (copos especiais: documentación acreditativa da situación en activo, ou similar); Os autónomos deberán presentar o recibo do ultimo mes de pagamento da cota da Seguridade Social que figure como autónomo.
- 7) No caso de familias monoparentais a acreditación correspondente.
- 8) Convenio regulador, en caso de que os representantes da persoa menor estean separados ou divorciados

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



No caso de que quedaran prazas sen cubrir, de forma excepcional, poderán solicitar o servizo aquelas familias que tiveran necesidade de conciliación por motivos laborais esporádicos, de formación, ou por ter a cargo familias dependentes, para o que deberá presentar a debida acreditación documental.